

## ASPECTOS ECONÓMICOS DE LA EDUCACIÓN

M. SALAS VELASCO  
Granada: Grupo Editorial Universitario. 2001  
[182 páxinas]

Recibido: 8 abril 2002  
Aceptado: 17 xuño 2002

“...Espero que su lectura permita comprender mejor la relación educación-empleo; o, al menos, suscitar la discusión y el debate en este terreno” (p. 17).

Nos últimos meses o punto de mira de moitos políticos, e consecuentemente dos medios de comunicación, centrouse na educación. Os motivos desta notoriedade non sempre foron os máis desexables; os aspectos que aparecían habitualmente na prensa eran os que algúns sectores cualifican como os máis endémicos de determinados niveis educativos e as reformas necesarias para solucionar ou reducir eses problemas. Por fortuna, fronte a esta atención pasaxeira, existe un grupo de investigadores para os que a educación non é só un tema “de moda”. Efectivamente, desde hai medio século vén preocupando a expertos de distintas áreas de coñecemento e en particular a economistas que desenvolveron un campo de estudio relativamente ben delimitado denominado “Economía da Educación”. Dentro deste ámbito sitúase a obra que hoxe presentamos.

Como o seu título indica, a educación ten claras repercusións económicas en termos de custos e de beneficios tanto para o individuo que a recibe como para a sociedade na que aquel se desenvolve. Precisamente, a transcendencia cada vez maior desas implicacións económicas impulsa, na nosa opinión, a importancia crecente da educación. Proba do peso financeiro desa actividade é que en 1998 os países da OCDE destinaron como termo medio un 6% do seu PIB á educación; de feito esta política social acaparou o 12% do total do seu gasto público. De igual forma, as cifras españolas non son nada desprezables; a pesar do seu lixeiro atraso con respecto á media da OCDE, en 1998 dedicouse un 5,4% do PIB á educación, co que o gasto público educativo representou un 11,1% do total do noso gasto público.

Na última década proliferou en España a aparición de libros cun título similar ó que comentamos<sup>1</sup> e que, sen dúbida, despertaron o interese de diferentes axentes sociais pola Economía da Educación. Sen embargo, a orixinalidade desta obra radica en que se dedica na súa totalidade a analiza-las interrelacións entre a educación e o mercado de traballo, proporcionando explicacións, cando menos desde o ámbito

---

<sup>1</sup> Abonda con cita-los manuais que co título *Economía de la Educación* foron realizados por Moreno Becerra (1998), Oroval Planas e Escardíbul Oriol (1998) e San Segundo (2001).

teórico, de aspectos tales como a elevada taxa de desemprego de certas titulacións universitarias, a demanda dun determinado tipo de formación por parte dos empregados ou os desaxustes entre as capacidades desenvolvidas pola educación formal e as habilidades esixidas nos postos de traballo.

Comeza o texto cun capítulo dedicado á análise da busca de emprego xa que entender este proceso é básico para comprender o funcionamento do mercado laboral, funcionamento que se estudiará nos capítulos seguintes. O segundo capítulo, destinado a introducir as teorías que explican os vínculos entre o capital humano e o mercado de traballo, céntrase na súa maior parte en explicar cales poden ser as consecuencias da expansión educativa. Describe así unha circunstancia que caracteriza unha boa parte dos sistemas educativos dos países desenvolvidos e que tivo como implicacións negativas máis inmediatas a aparición de altas taxas de paro entre determinados titulados, a diminución dos seus ingresos ou o desprazamento dos “máis educados” cara a postos laborais de categoría inferior á que lle correspondería segundo o seu nivel formativo.

Os capítulos terceiro e cuarto foron virtuosamente unidos polo seu fio argumental xa que, ó expoñer desde distintos enfoques cómo os ingresos se interrelacionan coa educación, dalgunha maneira poñen de manifesto os seus rendementos sociais e individuais. Precisamente, o coñecemento e a comprensión da rendibilidade tanto individual como social da formación constitúen o punto de partida do debate acerca do seu financiamento. Así, Salas Velasco cumpre un dos seus obxectivos primordiais: proporcionarlle ó lector as ferramentas teóricas para iniciarse na análise doutras áreas da economía da educación que saen fóra do ámbito de estudo desta obra. Por exemplo, vendo as táboas de rendementos sociais e individuais que o autor introduce nestes apartados, un pode cuestionarse por qué unha determinada educación segue resultando tan barata para o individuo cando lle proporciona unha elevada taxa de rendibilidade.

O capítulo quinto trata unha cuestión sobre a que a maioría da sociedade española aínda non reflexionou suficientemente, se é que reflexionou: a formación no emprego. A estabilidade nas relacións laborais pertence ó pasado, o horizonte que se presenta vén caracterizado pola necesidade de formación ou “reciclaxe” continua da man de obra para adaptarse ás novas necesidades que xorden nos postos de traballo. A formación continua ou *lifelong learning* constitúe un tema que noutros países da OCDE xa foi analizado dunha maneira sistemática<sup>2</sup>; sen embargo, no caso español aínda non se lle prestou a suficiente atención. Salas Velasco achega nesta parte do texto unhas noicións claves para entender os motivos dos empregados/empregadores para custear unha proporción desta formación no traballo. Desta maneira, introduce de novo ó lector nun debate que vai máis aló do ámbito de estudo do seu libro.

Por último, o autor pecha a obra dedicándolle un capítulo á análise da sobreeducación (*overeducation*) tanto na súa acepción estricta, cando os individuos traballan

---

<sup>2</sup> O Reino Unido é o exemplo máis destacable neste sentido.

en postos onde non desenvolven plenamente os coñecementos adquiridos ó longo da súa educación formal, como ampla, cando os beneficios derivados do investimento en educación non alcanzan as expectativas dos individuos. A sobreeducación repercute negativamente na satisfacción laboral do individuo e, polo tanto, nas súas actitudes no posto de traballo (maior absentismo, menor produtividade ou elevada rotación son algunhas das súas consecuencias), o que converte este fenómeno nun aspecto sobre o que cómpre que as administracións reflexionen antes de “sobredimensionar” os mapas universitarios cun determinado tipo de titulacións máis propensas á sobreeducación. De feito, algúns estudos realizados para o caso español identifican porcentaxes importantes de individuos sobreeducados.

Cómpre destaca-la mestría coa que o autor utiliza as citas tanto insertas no texto como a pé de páxina. Nun libro onde a revisión da literatura é permanente, dado que se considera a totalidade das teorías e dos autores que estudian os vínculos entre educación e mercado de traballo, Salas Velasco é capaz de simplifícarlos nunhas poucas liñas o contido de amplos corpos teóricos á vez que fai uso da regra de ouro das referencias bibliográficas: “*cando non sexas capaz de mellora-lo que outros dixeron, utiliza as súas propias palabras*”.

En definitiva, a obra cumpre sobradamente o obxectivo que se propuxo inicialmente: facilitarlle ó lector a comprensión das relacións entre educación e mercado de traballo, e faino cunha exquisita sinxeleza tanto a través da linguaxe escrita como da gráfica. Se cadra, ás veces bótase en falta un enfoque máis práctico que lle aplique os contidos das distintas teorías á situación que actualmente se vive en España. En todo caso si consegue que o lector medite acerca das implicacións que calquera política educativa pode ter sobre o mercado laboral e, consecuentemente e máis importante, sobre todos e cada un dos individuos que integran a sociedade.

## BIBLIOGRAFÍA

- SAN SEGUNDO, M.J. (2001): *Economía de la Educación*. Madrid: Síntesis.  
OCDE (2001): *Education at a Glance*. París: OCDE.

SARA FERNÁNDEZ LÓPEZ / DAVID RODEIRO PAZOS  
Departamento de Economía Financeira e Contabilidade  
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais  
Universidade de Santiago de Compostela